

Sen futuro

Mónica Cervera Cruz. Resaltou o nome dunha muller de vinteito anos entre as follas do xornal, mentres o olleaba distraidamente, e deu pé a miña imaxinación.

Empecei a pensar que sería de min a esa idade. ¿Qué me depararía o futuro? Con vinteito anos podería ser que fora moi feliz cumprindo o meu sono de estar vivindo en Londres, e traballando nunha empresa de publicidade onde quizáis coñecería ao meu marido, ou xa con marido, ¡E incluso fillos!

Os fillos serían unha responsabilidade moi grande, o mellor elixía ser un pouco máis libre e viaxar, e quizáis sabería un montón de idiomas! Tamén podería ser que vivise nunha enorme casa herdada dun rico antecesor que eu descoñecía, e que deixárame unha fortuna polo que non tiña que preocuparme de traballar, quen sabe. Ou podería ser que aínda vivise en casa dos meus pais, que non tivese o carné de conducir que agora tanto desexo, e incluso que non houbese rematado os estudos...

Ou por desgraza, como Mónica Cervera Cruz, podería aparecer no xornal por ser a vítima dun asasinato que cometeu o home que supostamente me amaría.

Marta Saavedra Fernández,

4ºESO A